

# A homeopatía: ¿ciencia ou fraude?

Pablo Vaamonde García

Médico de Familia. SAP Labañou. A Coruña.

Cad Aten Primaria  
Ano 2011  
Volume 18  
Páx. 257-258

## 1. A DEFINICIÓN

Hai anos a xente do rural buscaba con frecuencia a axuda do compoñedor ou do curandeiro. Esta práctica, instalada durante moito tempo na nosa cultura popular, está a ser desprazada por outras ofertas terapéuticas. No contorno occidental estase a producir unha presenza cada vez maior do pensamento máxico e esotérico. As chamadas “medicinas alternativas” non son máis que a maneira que adopta este tipo de pensamento, alleo á ciencia, no terreo da saúde e a doenza. Moitas veces o doente que non atopa a resposta desexada no sistema sanitario busca solucións neste tipo de ofertas.

Estas prácticas pseudocientíficas son, a miúdo, practicadas por profesionais formados nas Facultades de Medicina. Resulta escandaloso, pero sucede: entre os universitarios o coñecemento do método científico é máis ben escaso. Xa afirmaron Skrabanek e McCormick no seu día que “un dos principais fracasos da educación médica actual radica en que, se ben nos primeiros anos de estudos faise fincapé na adquisición de coñecementos de base científica, son poucos os estudantes que aprenden a empregar o método científico”. Cómo é posible que neste momento histórico persistan as pseudociencias? –interpela Javier Peteiro no seu libro **El autoritarismo científico**–: “O máxico ten impregnado a natureza humana desde sempre. Non imos cambiar facilmente unha historia de millóns de anos. Ese é o gran perigo das pseudociencias: o atractivo da irracionalidade”.

Unha das “medicinas paralelas” que ten máis predicamento, que está moi introducida en varios países europeos (Francia, Alemaña, Italia) e que move un mercado multimillonario é a homeopatía. Foi concebida a finais do século XVIII polo médico alemán Samuel

Hahnemann, como unha forma de mellorar o espírito vital do corpo, e a súa premisa fundamental é que “o semellante cúrase co semellante”. Este galeno saxón elaborou unha doutrina baseada no concepto da similitude, partindo de xeneralizacións e mínimas probas experimentais. De maneira sintética diremos que a homeopatía basease en dous principios:

1. **A lei da similitude:** os produtos que producen nun organismo san uns síntomas determinados, son capaces de curar eses mesmos síntomas nun individuo enfermo.
2. **A lei dos infinitesimais:** os efectos homeopáticos dunha substancia mantéñense e mesmo medran a medida que se van reducindo as doses ata cantidades mínimas despois de numerosas dilucións. De tal xeito, canto máis diluído estea un principio, maior será o seu efecto terapéutico.

## 2. A CONTROVERSIA

Estas pretendidas leis homeopáticas nunca foron demostradas e son totalmente incoherentes co pensamento científico actual. A posición dominante na literatura científica é que a homeopatía non ten sido capaz de demostrar por medios obxectivos unha efectividade específica, maior que a do efecto placebo (efecto benéfico obtido por unha terapia e que non se xustifica pola propia acción do principio activo). Neste senso compre lembrar que o efecto placebo está sempre presente en toda relación terapéutica. O placebo máis potente ven ser o propio médico quen, co seu apoio afectuoso, pode potenciar en grande medida a acción dos fármacos. O grande problema é que, coa medicina moderna baseada na tecnoloxía e o uso de aparellos, a relación médico-paciente resulta, moitas veces, deficiente polo que os doentes senten a tentación de buscar unha atención máis humana noutro tipo de alternativas.

Máis compre divulgar que a homeopatía non pode ser a resposta: Ningún dos numerosos ensaios realizados, cando aínda se consi-

**Correspondencia**  
pablo.vaamonde.garcia@sergas.es

deraba a homeopatía digna dun xuízo xusto, logrou demostrar as reivindicacións dos homeópatas. No ano 1988 a prestixiosa revista *Nature* publicou un artigo do profesor Benveniste que parecía demostrar a eficacia destas terapias preparadas por sucesivas dilucións. Aínda que non se mencionaba no artigo, ese estudo fora patrocinado pola industria homeopática francesa. Despois de varias repeticións dos experimentos de dito profesor, levadas a cabo por unha comisión de observadores, non foi posible confirmar os resultados iniciais. O editor de *Nature* tivo que publicar unha rectificación con este título: "A desilusión da alta dilución".

O doutor Peteiro, xa citado, é contundente: "a homeopatía carece de base científica, os homeópatas defenden dogmáticamente os seus postulados e o efecto terapéutico dos principios activos a concentracións tan baixas que poden dar lugar a disolucións nas que a probabilidade de atopar só unha molécula do principio activo sexa desprezable". "Pero a homeopatía move un mercado millonario e tamén os videntes seguen a gañarse a vida botando as cartas".

### 3. A ACTUALIDADE

A mediados do mes de agosto *La Voz de Galicia* publicou unha ampla reportaxe sobre a homeopatía co aval do Colexio de Médicos de A Coruña. Un médico, exercendo de portavoz e propagandista desta práctica, afirmaba rotundo: "A homeopatía estimula a forza de curación interna do noso organismo". Non se escatimaban loubanzas no artigo: "Unha opción terapéutica eficaz sen efectos secundarios nin contraindicacións".

Os Colexios Médicos existen, basicamente, para velar pola boa práctica profesional con respecto aos principios éticos e baseándose nos coñecementos científicos de que se dispoña en cada momento histórico. Facer propaganda de prácticas acientíficas, fóra da regulación oficial e sen o aval das Facultades de Medicina é unha actuación contraria aos fins que debe perseguir dita institución.

O doutor Javier Peteiro remitiulle unha carta ao Presidente do Colexio de Médicos de A Coruña nos seguintes termos: "Ler, a estas alturas, unha defensa da homeopatía é, cando menos, patético. (...) Non podía faltar nesta pintoresca entrevista a utilización sen fundamento do termo 'cuántico'. Así, como algo moderno. Faltan outros: 'enerxías', 'chakras'.. (...) Dikir que a homeopatía está sendo probada na India en cancerosos pode inducir a pacientes actuais a buscar milagres onde non os hai. Avala iso o Colexio? Un enfermo incauto ou desesperado pode recorrer ao máxico. (...) O que non é asumible, por irracional, é que o Colexio de Médicos avale prácticas que, mesmo sendo inocuas (tal como é a auga), poden danar ao doente ao apartalo de posibilidades terapéuticas realistas ou inducindo o consumo de placebos ben caros. (...) Por iso reclamo, señor presidente, que desautorices o antes posible a homeopatía como prácti-

ca pseudocientífica no mesmo medio no que se ten producido tan lamentable entrevista".

Non houbo resposta. Nin a haberá. O presidente do Colexio de Médicos de A Coruña, Luciano Vidán, home de Romay desde hai décadas, está máis atento a procurar que a institución que preside avale e apoie as políticas de destrución da sanidade pública que está a desenvolver a Consellería de Sanidade. A vixilancia da boa práctica médica queda nun segundo plano.

Aquí queda, pois, esta denuncia, por se alguén quere escoitar. Como dixo Anthony Garrett: "A grande escala, a historia amosa que a po-boación, sen sentido da crítica e mal informada, é terreo abonado para todo tipo de prácticas e crenzas intolerables. Nunha sociedade tan aberta e susceptible como a nosa, a verdade precisa de toda a axuda que lle poidamos proporcionar".

A documentación deste artigo foi recollida basicamente destas fontes:

### BIBLIOGRAFÍA

1. *Cadernos de Atención Primaria*. (Cad Aten Primaria 1997;4:83-93).
2. Skrabanek, McCormick. *Sofismas e desatinos en medicina*. Ed Doyma. Barcelona, 1992.
3. Peteiro Cartelle. *El autoritarismo científico*. Miguel Gomez ediciones. Málaga, 2010.